



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 29 de xuño de 2017, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 5.- Aprobación, se procede, de concesión de subvencións nominativas, por razón de interese publico e social, ó Club de Regatas de Perillo e ó Centro Deportivo Mariñeiro de Mera

“Exposición de motivos:

1º.- Como de todos é coñecido o noso municipio conta con dous clubs de remo de gran tradición mariñeira e deportiva: o Club de Regatas de Perillo e o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera.

Os dous participarán durante este ano 2017 na **LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS**, organizada pola Asociación de Clubs de Remo de Galicia á que pertencen ambos clubs.

Como parte das obrigas de participación nesta liga, os clubs deben aportar á mesma a organización dunha regata/bandeira de traiñeiras, tendo que asumir os correspondentes gastos de organización, entre eles a ***obligada entrega de premios aos clubs participantes.***

O Club de Regatas de Perillo participa na **Liga A**, onde os premios ascenden á cantidade de 9.000,00 euros e tamén na **LIGA FEMININA** onde os premios ascenden á cantidade de 1.500,00 euros.

O Centro Deportivo Mariñeiro de Mera participa na **Liga B**, onde os premios ascenden á cantidade de 6.000,00 euros.

Ambos os dous clubs presentaron escritos con nsº. de rexistro de entrada 2017010590 e 2017012330 solicitando a colaboración do Concello para poder levar adiante a participación nas Ligas anteditas.

2º.- De todos é tamén sabido que o noso Concello está a prestar desde hai moitos anos a ámbolos dous clubs un importantísimo apoio económico e loxístico, xa que contan con subvencións municipais para o desenvolvemento de actividades deportivas, adquisición de equipamento deportivo, así como coa cesión de uso de instalacións para gardar equipamento e material deportivo tanto na localidade de Perillo como en Mera.

Os dous clubs acóllense todos os anos á convocatoria anual de subvencións que fai o noso Concello e que lles serve para afrontar unha parte dos elevados custos que lles supón o mantemento da importante actividade que desenvolven ao longo do ano coas escolas de remo e coa participación en diferentes regatas.

Aínda así a organización da regata/bandeira a cada un dos clubs supóralles un importante esforzo económico que de non contar coa colaboración do Concello séralles moi difícil poder afrontar e que, de non levalas adiante, pode implicar a perda da posibilidade de participar nas correspondentes ligas, co conseguinte prexuízo económico.

4º.- O Concello de Oleiros ten un especial interese en que estes dous clubs participen nas ligas correspondentes, en canto:


4.1. A organización das regatas/bandeiras que lles requiren para a participación na Liga, servirá para a promoción dun deporte autóctono como o do remo entre os mozos e mozas oleirenses, tentando que se acheguen a súa práctica cotiá, tanto pola beleza do mesmo, como pola armonía e implicación social que xera e que se demostra xa no día a día de ámbolos dous clubs.

4.2.- Ao mesmo tempo, nun Concello eminentemente costeiro como o noso, a celebración deste tipo de eventos deportivos, serve tamén como promoción turística do mesmo, favorecendo a visita de persoas de diferente lugares galegos, o que redonda no beneficio do comercio e da hostalería en xeral, ademais de dar a coñecer o nome de Oleiros nos diferentes medios de comunicación.

Polo exposto e tendo en conta os motivos de carácter social que xustifican a concesión desta axuda, ao Pleno do Concello

PROPONSE:

Praza de Galicia, nº 1 - Telf.: 981.61.00.00 - Fax: 981.63.10.29 **15173 Oleiros (A Coruña)**



CONCELLO DE OLEIROS

1.- Conceder ao CLUB DE REGATAS DE PERILLO, con C.I.F. G-15064181, con enderezo en Avda. das Américas, 33 - 15172 Perillo (Oleiros), a cantidade de **6.300,00 euros** (seis mil trescentos euros) en concepto de axuda para afrontar os gastos que en concepto de premios teñen que dispor por mor da organización da regata/bandeira do ano 2017 que lles corresponde organizar pola súa participación na Liga Galega de Traíñeiras A (masculina e feminina), con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48901 "Deportes. Prom. e fom. Outras transf. a entidades sen fin de lucro". Este importe supón o 60 por cento do custe.

2.- Conceder ao CENTRO DEPORTIVO MARIÑEIRO DE MERA, con C.I.F. V15171127, con enderezo en Rúa Vinculeiros, s/n - 15177 Serantes (Oleiros), a cantidade de **3.600,00 euros** (tres mil seiscentos euros) en concepto de axuda para afrontar os gastos que en concepto de premios teñen que dispor por mor da organización da regata/bandeira do ano 2017 que lles corresponde organizar pola súa participación na Liga Galega de Traíñeiras B, con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48901 "Deportes. Prom. e fom. Outras transf. a entidades sen fin de lucro". Este importe supón o 60 por cento do custe.

3.- Requerir ás entidades interesadas para que no prazo de dez días naturais contados a partir da notificación deste acordo presenten certificado expedido polo Secretario das mesmas ou persoa a quen corresponda a facultade, acreditativo do acordo adoptado pola Xunta Directiva polo que se aceptan as subvencións concedidas.

4.- Declarar que o importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

5.- Unha vez outorgada a subvención poderase anticipar o pagamento do 60 por cento da mesma, a solicitude da entidade beneficiaria.

O resto da axuda, é dicir, o 40 por cento restante, abonarase logo da xustificación polo beneficiario do gasto realizado, segundo se recolle no apartado 6.- do presente acordo.

6.- O prazo de xustificación da axuda será de dous meses contados a partir do día da celebración de cada unha das probas deportivas (regata/bandeira).

A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- ✓ Recibos orixinais ou copias compulsadas xustificativas do pagamento dos premios aos clubs participantes no evento, mediante os que se acredite o uso dos fondos concedidos. Nos recibos deberán constar os seguintes datos: datos completos do pagador (nome, enderezo e CIF), datos completos do perceptor do premio (idem), importe pagado, concepto (premio en función do posto acadado na clasificación da regata), lugar, data e sinatura.
- ✓ Memoria xustificativa da realización da actividade.
- ✓ Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- ✓ Declaración acreditativa de estar ao corrente nas obrigas fiscais co Concello de Oleiros e de non ser debedor a este por calquera concepto non tributario, e que autoriza ao Concello de Oleiros a comprobar este extremo de oficio.
- ✓ Declaración acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que autoriza ao Concello de Oleiros para solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas mesmas.
- ✓ Declaración do/a Presidente/a da entidade de someterse ás actuacións de comprobación e achega de documentación que o Concello de Oleiros poida acordar para comprobar que a actuación á que se adica a subvención, se corresponde coa súa finalidade.
- ✓ Acreditación da publicidade feita.- As entidades que teñan páxina web deberán publicitar na mesma a concesión da subvención, conceptos e importe no momento que o coñezan.

En caso de que non se utilicen medios informáticos para publicitar a subvención, deberá fixarse no local social, por un período mínimo dun mes, un anuncio onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe. O xeito de acreditar o cumprimento da obriga, neste caso, será mediante unha certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do presidente, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.



**CONCELLO DE
OLEIROS**

8.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

9.- Notificar o contido do presente acordo ao Club de Regatas de Perillo e ao Centro Deportivo Mariñeiro de Mera e comunicálo aos departamentos de Intervención e Contabilidade aos efectos oportunos.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 30 de xuño de 2017.-

Vº e Praxe
O alcalde,

Ángel García Seoane

